

ACTA DA SESION CONTITUTIVA DA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE CELEBRADA O 11 DE XUÑO DE 2.011.

No salón de sesións da casa do concello de Barro sendo as once horas do día once de xuño de dous mil once, como consecuencia das eleccións celebradas o día 22 de maio de 2.011 e para dar cumprimento ó disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo R.D. 2.568/86 de 28 de novembro, referente á constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos seguintes:

RELACIÓN DE ELECTOS:

- D. JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN
- Dna MARÍA TERESA ROIG OLONA.
- Dna. ROSA VARELA MAGARIÑOS
- D. MANUEL FONTAN OUTON
- D. EDUARDO IGLESIAS GONZALEZ.
- D. MANUEL RIVAS REBOREDO.
- D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES.
- D. ROBERTO RIVAS REBOREDO.
- Dna MARIA JESUS CASTRO CALVIÑO
- D. JOSE SANMARTIN SOTO.
- Dna. MARIA MARGARITA CANAY PINTOS.

Asistidos os concorrentes polo Secretario da Corporación D. Xesús Rodríguez Castro.

1.- CONSTITUCION MESA DE IDADE.

Procédese á formación da Mesa de Idade, que fica constituída por D. Manuel Fontán Outón e D. Roberto Rivas Reboredo, concelleiros electos de maior e menor idade dos presentes, respectivamente, ostentando a Presidencia o primeiro deles e actuando como Secretario da Mesa o que suscribe D. Xesús Rodríguez Castro, como Secretario do Concello.

Seguidamente polo Secretario dase conta das disposicións aplicables a constitución dos concellos.

Transcribese o resume xeral das eleccións e relación de Concelleiros electos por cada unha das listas que obtiveron postos e que é como segue, segundo documentación remitida a este Concello pola Xunta Electoral da Zona de Pontevedra:

Número de electores3.135.-
Numero de votantes.....2.368.-

Número de votos a candidaturas.....2.307.-
Número de votos en blanco 40.-
Número de votos validos2.347.-
Número de votos nulos 21.-

PARTIDO POPULAR (P.P.).....1.313
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.)..... 582
PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (P.S.deG.-P.S.O.E)... 412

PARTIDO POPULAR (P.P.): **6 Concelleiros**
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.): **3 Concelleiros**
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO
ESPAÑOL (P.S. de G.-P.S.O.E.): **2 Concelleiros.**

2.- COMPROBACION CREDENCIAIS.-

Dase conta de que a totalidade dos concelleiros electos presentaron declaración de bens patrimoniais e sobre causas de posible incompatibilidade e actividade conforme establece o art 75 da Lei 7/85.

A Mesa de Idade procede ó exame das credenciais presentadas polos concelleiros/as e comprobada a personalidade dos asistentes en base á certificación remitida pola Xunta Electoral, comprobase que concorriron tódolos concelleiros/as electos que representan a maioría absoluta dos proclamados que corresponden a este Concello.

3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS.-

Procédese ó chamamento dos señores concelleiros, os cales prestan xuramento ou promesa conforme establece o art. 108.6 da Lei 5/85 de 19 de xuño baixo a fórmula do R.D. 707/79 de 5 de abril.

4.-DECLARACION DE CONSTITUCION DA CORPORACION.-

Pola Mesa declárase constituída a Corporación do Concello de Barro coa seguinte composición por candidaturas:

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.): 3 CONCELLEIROS
 - D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES
 - D. ROBERTO RIVAS REBOREDO
 - Dna MARIA XESUS CASTRO CALVIÑO

- PARTIDO POPULAR (P.P.): 6 CONCELLEIROS
 - D. JOSE ANTONIO LANDIN EIRIN

- D^a MARIA TERESA ROIG OLONA.
- Dna. ROSA VARELA MAGARIÑOS
- D. MANUEL FONTAN OUTON
- D. EDUARDO IGLESIAS GONZALEZ.
- D. MANUEL RIVAS REBOREDO.

-PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (P.S. de G.-P.S.O.E.): 2 CONCELEIROS.

- D. JOSÉ SANMARTIN SOTO
- Dna. MARIA MARGARITA CANAY PINTOS

5.-ELECCION DE ALCALDE.-

Acto seguido o Sr. Secretario da lectura as normas reguladoras da elección de Alcalde contidas no art 196 da Lei Orgánica 5/95 do 19 de xuño.

Presentanse como candidatos os cabezas de lista dos partidos políticos: Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.), Partido Popular (P.P.) e Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (P.S. de G.-P.S.O.E.)

En votación secreta D. Xosé Manuel Fernández Abraldes obtén 3 votos, D. José Antonio Landín Eirín, obtén 6 votos, e D. José Sanmartín Soto, obtén 2 voto.

En consecuencia sendo o número de concelleiros de once e seis a maioría absoluta legal, resulta electo D. José Antonio Landín Eirín por maioría absoluta, e o Presidente da mesa de idade manifesta que queda proclamado Alcalde.

6.-XURAMENTO OU PROMESA DO ALCALDE E TOMA DE POSESION.-

Previa aceptación do cargo con lectura da formula do R.D. 707/79 polo candidato electo D. Jose Antonio Landín Eirín, faise o xuramento ou promesa e toma posesión do cargo pasando inmediatamente a ocupar a Presidencia.

Cumplido o obxecto da convocatoria da presente sesión o Sr. alcalde toma a palabra agradecendo os veciños a súa participación e recoñecendo a corrección no comportamento dos partidos políticos do BNG e do PSOE a pesares da lóxica tensión dunha campaña electoral, pide a colaboración de todos e dos grupos da oposición nun momento económico que non é o mellor, aposta pola promoción económica e por seguir traballando polo concello utilizando todos os métodos posibles para conseguir os recursos necesarios co obxectivo de consolidar o núcleo urbano de Santo Antoniño e o solo industrial e facer fronte ós gastos correntes e a recuperación dos bens patrimoniais do concello, esperando a

colaboración dos veciños e dos grupos da oposición.

Pide a palabra o Sr. Fernandez Abraldes do BNG.

A continuación pola presidencia dase conta, dacordo co previsto no art. 36 do R.D. 2568/86 do 28 novembro, da acta de arqueo coa transcripción de saldos, existencias e sinatura da acta co resultado que se transcribe a continuación:

CONCILIACIÓN DE SALDOS EXERCICIO 2011

Nº DE ORDE (1)	ENTIDADE FINANCIERA (2)	Nº DA CONTA (3)	SALDO FACILITADO POLA ENTIDADE: CERTIFICACIÓN BANCARIA (4)	SALDO SEGÚN LIBROS DA CORPORACIÓN (5)	APUNTE PENDENT S ES (6)	
					(+)	(-)
57100	CAIXA DA CORPORACION			9.026,97		
57101	CAIXANOVA	2080.0411.39.0040100399	323.192,23	232.192,23		
57102	CAIXANOVA	2080,0411,33,0040100410	2.864,53	2.864,53		
57103	CAIXANOVA	2080,0108,79,0040000461	218,18	218,18		
57104	CAIXAGALICIA	2091,0545,33,3100000085	1.261,37	1.261,37		
57105	BBVA	0182,6246,37,0200360023	8.081,41	8.081,41		
57106	CAIXANOVA	2080,0108,76,00400002139	1.454,11	1.454,11		
57107	BANCO DE SANTANDER	0085,0770,51,0000013442	2.205,01	2.205,01		
57108	CAIXA GALICIA	2091.0545.35.3110000058	68.433,57	68.433,57		
57109	CAIXANOVA	2080,0411,36,0400110611	1.321,37	1.321,37		

TOTALS

418.058.75

En canto ó Inventario de Bens según prevé o art. 33.2 do Regulamento de Bens sinalase que está pendente de someter a aprobación definitiva a súa actualización inicialmente aprobada.

Pola Presidencia levantase a sesión sendo as once horas vinte minutos, do que eu Secretario dou fe.